

PORTADA | SOCIEDADE | XERAL

MALIA MANTER O ASPECTO HABITUAL

Praias da Costa da Morte manteñen fuel enterrado

Europa Press. As praias da Costa da Morte aínda conteñen fuel do 'Prestige' a varios metros de profundidade, malia que no 2007 a superficie dos areais afectados pola catástrofe ambiental provocada polo afundimento do buque recuperara o seu aspecto habitual, segundo se desprende do estudio da profesora da Universidade de Vigo Ana Bernabeu, no que se constata que este material sofre un proceso de degradación baixo terra.

03.03.2009 | 07:17

TAGS: COSTA DA MORTE , PRAIA , FUEL , CHAPAPOTE , PRESTIGE ,



Praia en Cee

O estudo, que foi publicado a semana pasada na revista 'Environmental Science & Technology' e realizado por Bernabeu xunto ao catedrático Federico Vilas e os profesores Daniel Rey e Belén Rubio, logrou demostrar a tese que inicialmente intuían estes investigadores: que, tras a marea negra do 'Prestige', "o fuel ía quedar enterrado, que a visión ía ser de praias limpas, pero estaría por debaixo" e, polo tanto, non só podería acontecer no caso desta vertedura, senón tamén doutros episodios de polución.

Así mesmo, logrouse desmentir que este material deixase de contaminar ao estar baixo terra, posto que existen procesos

de "degradación" dos que aínda se descoñecen as consecuencias. "Non as coñecemos a longo e medio prazo aínda que, polo visto até agora, parece que a contaminación non é grave", apuntou Bernabeu.

Este traballo, desenvolvido xunto ao Departamento de Química Ambiental de Barcelona dirixido por Joan Albaigés, é un dos pioneiros que se centran na contaminación en praias de area. As pescudas comezaron cunha primeira campaña de recollida de mostras na Costa da Morte –en praias especialmente castigadas como O Rostro ou Nemiña– no 2004 e continuou en anos posteriores, até rematar o traballo de campo no 2007. O ámbito de actuación ampliouse cara ao sur da propia Costa da Morte e mesmo cara ao País Vasco.

Trátase de zonas moi expostas, onde a area ten un gran movemento e cando chegou a marea negra movíanse area e fuel, enterrando os hidrocarburos a varios metros de profundidade, debido a a forza das ondas.

Protocolo de actuación

Ao longo destes anos de traballo e estudo, o grupo de investigación puido comprobar que algúns manuais de consulta "chegan a dicir que se pode asumir que hai fuel enterrado, pero mentres non se destape durante a época de turismo non vale a pena extraelo", algo que Bernabeu xulgou "escandaloso".

Así, o colectivo intenta establecer agora un protocolo de avaliación para futuros casos de mareas negras que, a partir dunha serie de datos, defina se existe fuel en profundidade e, de ser así, fixar "a posibilidade de limpeza natural da praia". Con esta iniciativa, tendo en conta que xa se localizou fuel soterrado en praias da Costa da Morte, o mes que vén comezará unha campaña en Nemiña.

Finalmente, sobre a xestión das mareas negras, Bernabeu explicou que a partir de agora tocará valorar o fuel así como as "repercusións ambientais de mover toda esa area". A nivel europeo recoñécese a necesidade deste tipo de protocolos, por o que o novo proxecto une a Universidade de Vigo con institucións portuguesas e francesas, para traballar nos próximos tres anos na busca dun modelo de actuación que, até agora, non aparecía nos manuais.